

Instrucións sobre a participación nas probas de acceso a 1º G. P. MODALIDADE PRESENCIAL

Curso 2020/21

Cada aspirante deberá presentarse no centro o día e na hora que se indica na convocatoria.

No momento do chamamento cada aspirante deberase identificar co seu DNI e amosar o resgardo da inscrición. Só haberá un chamamento, polo que de non estar presente considerarase ao aspirante coma non presentado. Recoméndase pois chegar coa debida antelación.

Os aspirantes poderán acceder ao centro acompañados por unha única persoa.

O centro facilitaralles un espazo no que cada un deles poderá prepararse uns minutos antes da proba, e deixar as súas pertenzas mentres a realiza.

O aforo máximo das aulas nas que se realizarán as probas de acceso será de 3 persoas.

Tanto os aspirantes coma as persoas que os acompañen deberán cumprir as seguintes normas de seguridade:

- O uso de máscara será obrigado en todo momento, unicamente poderán retirala os aspirantes no momento en que vaian a realizar a proba ou cando estean preparándose para ela. Na especialidade de piano, ao ter que compartir o instrumento, o uso de máscara será obrigatorio en todo momento.
- Deberase evitar o contacto físico entre as persoas e gardar unha distancia de 2 metros sempre que sexa posible.
- Nas entradas das aulas haberá xel desinfectante dispoñible para o uso por parte de todos os presentes. Os aspirantes deberán desinfectar as mans cando accedan á aula xusto antes de realizar a proba.
- Unha vez remate cada aspirante procederase a limpeza do atril e demais superficies coas que puidera entrar en contacto antes de continuar co seguinte aspirante.

Para a realización da parte A da proba (interpretación co instrumento) o aspirante deberá achegar por correo electrónico unha copia, en formato PDF se é posible, das obras que presenta, non é preciso enviar a parte de acompañamento de piano, unicamente a parte que interpretará o aspirante. Este envío deberá facerse cunha antelación de polo menos 1 día con respecto ao da realización da proba.

- Para a realización da parte B (exercicio de lectura rítmica e entoación) recoméndase que cada aspirante traia xa consigo copia do exercicio, publicado na web do centro (no apartado *acceso/1ºGP/ exercicio entoacion_lectura*).

Se os aspirantes ou as súas familias teñen dúbidas ou dificultades para seguir estas indicacións deberán informar ao centro ou ao tribunal correspondente antes da realización da proba.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2020.